

CONCELLO DE MEIRA  
CIF.: P2702900H  
Praza do Concello, s/n  
27240 Meira (Lugo)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
email:concello.de.meira @eidolocal.es

## Resolución da alcaldía núm.: 362/2023

### Tribunal e data de selección de dous socorristas acuáticos para as piscinas municipais

Visto que con data 20 de xuño de 2023, se presenta oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) de Lugo, para a selección de dous socorristas acuáticos mediante o sistema de concurso-oposición, de acordo coa orde do 13 de marzo de 2023, pola que se regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2023 .

Con data 21 de de xuño de 2023, o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) remitiu a este concello o resultado da selección correspondente ao oferta 12-2023-7091, remitindo dous candidato.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas por resolución da alcaldía de data 19 de xuño de 2023, e consonte coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril; polo presente,

#### RESOLVO:

**Primeiro:** nomear como tribunal cualificador o seguinte, de acordo coas bases da convocatoria:

- Presidente/a: Adrian Rodríguez Bello, socorrista acuático
- Vogais:
  - Fátima Cabanas Salgado, socorrista acuático
  - Manuel Carramal Silva, técnico Administración Local
  - Mercedes Fernández Moirón, Auxiliar Administrativo

-Secretario: a secretaria da corporacion, Pilar Rozas Alonso.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal actuará con suxeción ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

**Segundo:** publicar a composición do tribunal no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web.



CONCELLO DE MEIRA  
CIF.: P2702900H  
Praza do Concello, s/n  
27240 Meira (Lugo)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
email:concello.de.meira @eidolocal.es

**Terceiro:** A selección realizarase o **día 27 DE XUÑO DE 2023, ás 11:00 horas**, na Casa do Concello de Meira (deberán aportar a documentación acreditativa da titulación así como os méritos alegados, debendo vir provistos de equipamento de baño)

Decreta, manda e asina o señor alcalde, ante min a secretaria  
Meira, 22 de xuño de 2023

O secretaria accidental  
Pilar Rozas Alonso

O alcalde  
Antonio de Dios Álvarez

